

ODE MENOR AO GRAN MASCATO BERNARDINO GRAÑA CANDO SE ELEVA SOBRE AS TERRAS DE MORRAZO

amigo benardino
desde o teu mar de cangas

esquecín que che debo as palabras máis simples

-rol con ardentía arneirón liña baixío siria bou laño
gaveiro nasa millara penedo guelra peixota pisa-de-rei
ardora goldría carrumeiro nordesía arroás marusía-

esquecín que che debo ser
un mascato tendido no areal de rodeira
en areacova donón menduña ancoradouro pedrón mourisca
tulla sartaséns lapamán mogor a borna o canabal
alá no teu outono de tirán ou
na vasta xeografía dos nosos ollos da cor das bágoas

amigo bernardino hoxe que volto a vista atrás
que estou regresando espido para reencontrármonos
nalgún futuro de cinzas onde nos confundiremos
-cinzas non bernardino nós escollemos ser plancton-
ata renacermos na cauda dunha estrela
hoxe

 digo
 que o tempo resuscita
véxote outra vez quixote a lombos dunha vaga
na mañá máis irta de febreiro
ou na luz máis abisal doutro novembro

a guiar corvos mariños no areeiro
capitán da flota
dos nosos navíos novos

máis amor
non cabía
bernardino

tamén eu recordo o cántico
os nomes primixenios para modelar a pedra dura
e a frei luis de león que conseguía
no ritmo das túas pausas serearnos a alma
e a meendinho rosalía e pimentel que bramaban
coa túa voz contra a rutina
contra este ir pampos na maré que avanza
en bala

en máquina
en subfusil
en oficina
en vil
en móbil
automóbil
inmóbil
en golpe
túzaro sobre este sermos nós mol sentido e materia

e o noso ser voltou por río arriba
e no teu verso foi amor e foi loucura lea de mans
ronsel de corpos melodía
de tacto e cuspe

o noso amor
foi a túa espera e as túas agullas pálpito en carne
e líquidos docísimos e peixe frito na rúa do home santo

ata iso compartimos

compostela poboada coas túas sombras

porque

o noso amor comeu das túas palabras
fíxose sangue aceso na túa angustia
con viño agre e mozas fermosísimas

-que fermosos eramos todos bernardino
que fermosos e que tristes-

cando empardecía en cabo home e a terra abríase inmensa

hei verte alzar o voo mestre amigo
gran mascato de luz valente guía
para abrimos a porta doutros ceos
sen dolor sen olvido
hei verte cantar rexo vate afouto
nalgũa costa onde non alcancen barcos asasinosa
para trouzar o seu ventre de vómito

e aquel día de decembrodousmildous cando o alcatrán cubría
todo o noso paraíso e te abracei porque eras enganche dunha máquina
derrubado nunha cama de hospital cen mil voces en vigo repetían de
esconxuro contra os que fornican LIBRÉMONOS PRONTO iso pensaba
eu non cho dixen así pero iso pensaba

heite ver con jackson pollock e patiño con torneol e johán de cangas
omar khayán e cribeiro ferrín angueira e uxío
con manuel que nos contempla e fala e ri e ás veces

fuma de escuso

beberemos outra vez tintafemia de cela ou catalán
e caña de herbas

hei verte alzar o voo gran mascato
na proa deste océano que nos fixo escuros
timoneis da galerna

acolleranos o facho para erguernos
deuses novos dun mundo alén da infamia
e acenderemos teas polos que nos agardan
da outra orela

esquecín dicirche tantas cousas mestre amigo
temos a dureza calcárea dos poetas
esquecín dicir as palabras máis humildes
choca esa man bo día veña outra cunca
chus ben que tal carne e iría e denís que tal na cruña
a túa casa vai querendo xa outra man de pintura
para cando vés e quedas
tanto ir tanto vir tanto andar
has acougar un día

esquecín dicirche as palabras máis rotundas
aquí estamos amigo

así somos así é a vida como pesan
tantos silencios

e tal vez sen sabelo
e tal vez sen saber como se di
nesta pobre lingua dos humanos
ámote
todos te amamos

amigo

moaña, xuño de 2010